

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12/05/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.-Expediente contratación Obra " Ampliación e Mellora de Camiños Municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo - Fisterra " Subvencionado Xunta de Galicia.-Servizos de Alumeado Público.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **12/05/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 28 de Abril de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Expediente contratación Obra " Ampliación e Mellora de Camiños Municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo - Fisterra " Subvencionado Xunta de Galicia.-

Á vista do contido da Orde do 23/12/2015 pola que establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOGA) número 247 do 29 de decembro e ,

Unha vez examinado o contido da **Resolución** dictada pola **Dirección Xeral de Administración Local** (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) con data **02 /05 /2016** sobre **concesión de Subvención por importe de Vinte e seis mil catrocentos corenta e seis euros con vinte e oito céntimos (26.446,28 €)** para levar a cabo a execución da Obra denominada “ **Ampliación e mellora de camiños municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo** ” cun presuposto total de Corenta mil euros (40.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, en base ó Anteproxecto redactado ó efecto que consta no expediente,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Aprobar o gasto polo importe de Corenta mil euros (40.000,00 €) para levala a puro e debido efecto, iniciando expediente de Contratación mediante contrato menor de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. -

2.- Requerirase as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Dez días hábiles (10) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Hnos Meijide S.C.	Rúa do Prado, 4.- 15155 FISTERRA
Construcciones y Obras Andujar S.L.	Localidade de Vilariño s/n 15151 Dumbria
Búa Construcciones y Servicios S.L.	Localidade de Senra s/n Salgueiros 15151 DUMBRIA

3º Asuntos varios.-

URBANISMO

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

OBRAS MENORES

A FRANCISCO SIXTO CASTREJE, veciño de Fisterra, para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas e tapado das gretas da vivenda sita no lugar de residencia; condicionada a que:

1) En ningún caso coa concesión desta licenza se está a permitir actuación algunha sobre a estrutura da edificación nin aumentos de volume que incidan sobre os parámetros urbanísticos, debendo construírse con materiais e espesores acaídos coma para asegurar a súa solidez e conservación en bo estado.

2) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

3) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

4) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

CANALIZACIÓNS SUBTERRÁNEAS (SUBMINISTROS DE ELECTRICIDADE)

Á vista da petición formulada por parte da Empresa **Unión Fenosa Distribución S.A.** con CIF **A-63222533** e domicilio social na Avda de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15007) sobre **solicitud de licenza urbanística para apertura de gabia con canalización subterránea coa finalidade de instalación de rede de baixa tensión destinada a dúas vivendas sitas na localidade de Padrís (Fisterra)** en base á **Memoria** redactada polo **Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso** de data **10 de Marzo de 2016** (Expediente número **UD218215110086**) e coa finalidade de adoptar o acordo que proceda, **deberá requirirse a citada Empresa para que no prazo de dez días hábiles (10)** contados a partir do seguinte o de recibo desta comunicación, presente **as fianzas que se detallan a continuación coa finalidade de garantir ante o Concello o bo estado da vía pública, unha vez rematadas as obras, todo elo de conformidade coa Ordenanza Fiscal número 7 reguladora da taxa pola apertura de gavia en terreos de uso público :**

REPOSICIÓN	LONXITUDE	ANCHO DA GABIA	M2	TASA / M2	IMPORTE
FORMIGÓN ASFÁLTICO	115 m	0,4	46	60,10 €	2.764,60 €
FORMIGÓN FIRME	12 m	0,2	2,4	60,10 €	144,24 €

Á vista da petición formulada por parte da Empresa **Unión Fenosa Distribución S.A.** con CIF **A-63222533** domicilio social na Avda de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15007) sobre **solicitud de licenza urbanística para apertura de gabia con canalización subterránea coa finalidade de instalación de rede de baixa tensión destinada a dúas edificacións sitas no Camiño da Insua (Fisterra)** en base á Memoria redactada polo **Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso** de data **15 de Febreiro de 2016** (Expediente número **UD218215110114**) e coa finalidade de adoptar o acordo que proceda, **deberá requirirse a citada Empresa para que no prazo de dez días hábiles (10) contados a partir do seguinte o de recibo desta comunicación, presente as fianzas que se detallan a continuación coa finalidade de garantir ante o Concello o bo estado da vía pública, unha vez rematadas as obras, todo elo de conformidade coa Ordenanza Fiscal número 7 reguladora da tasa pola apertura de gaviás en terreos de uso público :**

REPOSICIÓN	LONXITUDE	ANCHO DA GABIA	M2	TASA / M2	IMPORTE
SIN PAVIMENTAR	8 m	0,4	3,2	3,01 €	9,63 €
FORMIGÓN FIRME	21 m	0,4	8,4	60,10 €	504,84 €

B) Vista a petición formulada por parte de Estevez y Medín, S.L., con CIF B158960112 e domicilio social en Escaselas, 1 deste Termo Municipal (Rexistro de Entrada número 1330 de 10/05/2016) sobre solicitud de certificación acreditativa sobre Vixencia de Licencia ,

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Entender vixentes as Licenzas Urbanísticas outorgadas por esta Xunta na Sesión celebrada o día 8 de Marzo de 2012 en favor da citada promotora e co seguinte contido :

" Visto expediente iniciado co número **89** (RE) de **11/1/2012** a nome de Felipe Estévez Canosa, en nome e representación de **ESTEVEZ MEDIN, S.L.**, con CIF: B-15.896.012, e domicilio social no lugar de Escaselas, 1 deste termo municipal, no que solicita licenza de instalación, apertura e funcionamento para realizar a **actividade de centro comercial con catro vivendas e garaxes** que se localizará no lugar de Escaselas deste termo municipal.

RESULTANDO: Que no expediente consta un informe emitido pola Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do que se desprende que

non é necesario someter esta actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

RESULTANDO: Que o expediente foi admitido a trámite pola Providencia da Alcaldía de 12/1/2012.

RESULTANDO: Que o expediente expúxose ó público na secretaría desta corporación durante os dez (10) días comprendidos entre o 2/2/2012 ata o 13/2/2012, e publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 22 de 1/2/2012, e taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen que transcorrido o devandito prazo se presentara ningunha reclamación contra este expediente.

RESULTANDO: Que no expediente consta o informe que emitíu o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, con data 7/3/2012, do que desprende que o uso que se pretende está de acordo co destino do predio, conforme á cualificación e clasificación urbanística dada polas NN.SS., polo que o uso resulta compatible cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais vixentes.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízos de terceiros, de conformidade co disposto no artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ó solicitado por ESTEVEZ MEDIN, S.L., con CIF: B-15.896.012, e domicilio social no lugar de Escaselas, 1 deste termo municipal, e concederlle licenza para a instalación de centro comercial con catro vivendas e garaxes que se localizará no lugar de Escaselas deste termo municipal, condicionada a que:

En referencia á Licenza de Obras

-Por aplicación do artigo 6.1.3) do CTE, e aos efectos da súa tramitación administrativa, todo proxecto de edificación poderá desenvolverse en dúas etapas, correspondéndose co contido do Proxecto Básico presentado a documentación suficiente para solicitar a licenza municipal de obras, pero insuficiente para iniciar a construción da edificación, para o que será necesario, antes do comezo das obras, que presente o Proxecto de Execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente por aplicación do indicado no artigo 2) do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio e a súa revisión polo servizos técnicos do Concello. Neste Proxecto de Execución será necesario dar axeitado cumprimento ás seguintes condicións:

A) Por aplicación do artigo 7º) das Normas de Habitabilidade de Galicia (NHG), deberase prever a situación no edificio, un rocho por cada vivenda proxectada que deberá ademais cumprir co especificado no apartado I.B.4 das NHG.

B) Deberá modificar o largo das escaleiras de acceso ás vivendas, que por aplicación do indicado no apartado I.B.3.2) das NHG deberán presentar un largo mínimo entre paramentos de 1,20 metros.

C) Deberá modificar o paso libre entre mesados e aparellos das cociñas, que por aplicación do indicado no apartado I.A.3.2.2.1) das NHG deberá ser superior a 0,90 metros.

D) Deberá representar, por aplicación do indicado no apartado I.B.6) das NHG, a instalación do subministro de auga, de electricidade, de evacuación de augas, de telecomunicacións, da rede de interfonía para comunicar o portal do edificio coas vivendas, de paneis solares, de ventilación. Ademais o garaxe estará dotado de, polo menos, unha toma de auga, e un sumidoiro. En relación coas infraestruturas enunciadas deberá representar axeitadamente a conexión a estas infraestruturas.

- Antes do comezo das obras, e para cumprir co Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse mediante o correspondente nomeamento os axentes da edificación participantes que non se teñen identificado. Neste senso deberá presentarse o nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12) en relación co artigo 2.1.a) da L.O.E., terá unha titulación académica e habilitante de arquitecto. Así mesmo, deberá presentar o nomeamento do Director da Execución das Obras, que en cumprimento do indicado no artigo 13º) en relación co artigo 2.1.a) da L.O.E., terá unha titulación académica e habilitante de arquitecto técnico.

- Antes do comezo das obras deberá entregar o proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións que deberá estar realizado por un profesional legalmente cualificado e verificado pola entidade autorizada.

- Antes do comezo das obras, en aplicación do indicado no artigo 16º) da Lei 8/2008, en relación coas competencias atribuídas ao Concello no artigo 8º) da mesma lei, deberá presentar o estudo xeotécnico, así como solicitar o replanteo das obras sobre o terreo aos efectos de levantar a acta de replanteo, que asinará o Arquitecto Director das Obras, o Arquitecto Director de Execución, o Cordinador de Seguridade e Saúde, o Constructor, o Promotor e o Técnico Municipal designado, considerándose a data da sinatura desta acta como a de inicio oficial das obras. Previamente, o promotor deberá presentar no Rexistro do Concello os datos identificativos do empresario-constructor das obras e os datos do cordinador en materia de seguridade e saúde.

- Antes do comezo das obras, por aplicación do indicado no artigo 19.a) da Lei 9/2002, e tendo en conta que por aplicación da lexislación vixente nos atopamos nun solo urbano consolidado, deberá ceder gratuitamente en documento público os terreos previstos nas NN.SS., para a ampliación de viais, que neste caso se corresponde cunha superficie de 202,93 m² que se identifican no plano 01 do PB.

- Unha vez rematadas as obras, por aplicación do indicado no artigo 20º) da lei 8/2008, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación, acompañando:

A) Certificado final de obras, asinado polo técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, así como a acta de recepción se a houbera outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

B) Liquidación final da obra executada.

C) Certificado asinado pola Dirección facultativa no que conste o cumprimento integro das disposicións do Decreto 42/2009, de 21 de xaneiro, que regula a certificación enerxética de edificios de nova construción en Galicia e certificado de eficiencia enerxética de edificio terminado asinado pola Dirección facultativa da obra.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, e as obras non poderán interromperse por un prazo superior aos seis meses. En cumprimento do indicado no artigo 19.1) do R.D.U.os prazos indicados comezarán a computar a partir do día seguinte ao recibo da notificación deste acordo. En aplicación do indicado no artigo 197.2) da Lei 972002, poderase conceder prórroga dos prazos referidos na licenza, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

-Deberá facer unha xestión adecuada dos residuos, tendo en conta a recollida selectiva de residuos e de acordo coa Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, coa Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e coa Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos debendo entregar a xestor autorizado todos os residuos que se xeneren como consecuencia da instalación e desmantelamento.

En referencia á Licenza de Instalación

-Deberá instalar as medidas de protección contra incendios necesarias para dar cumprimento ao indicado no DB-SI 4 do CTE.

- Deberá instalar as luminarias de emerxencia necesarias que cumpran as condicións establecidas no DB-SU 4 do CTE.

- De traballar con graxas, deberá colocar unha arqueta separadora de graxas no interior do propio establecemento para evitar que estas pasen á rede de colectores públicos.

- Deberá garantir o mecanismo de evacuación de fumos, gases e polbos dos elementos instalados.

- Deberá cumprir co establecido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e, polo tanto:

A) No caso de realizar verquidos a unha rede de saneamento, cumprirá osvalores determinados polo xestor da rede.

B) Todos os residuos que se xeneren como consecuencia da instalación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

C) Durante a fase de explotación da actividade os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas.

D) As ancoraxes dos equipos que podan transmitir vibracións deberán contar cun dispositivo antivibratorio que garantan a súa non transmisión.

- Antes do inicio da actividade, o promotor solicitará a licenza de funcionamento e apertura, acompañando a tal efecto a seguinte documentación:

A) En relación co indicado no artigo 18º) da lei 37/2003, acreditación mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpren as normativas vixentes sobre contaminación acústica.

B) Certificado asinado por técnico competente no que se acredite expresamente que se cumpre o DB-SI 1.4 "Reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de mobiliario"; DB-SI 2 "Propagación exterior" e DB-SI 6,2 "Resistencia ao lume da estrutura".

C) Escrito no que se solicite que os servizos técnicos deste concello xiren visita aos efectos de que se poda comprobar, entre outros, que se cumpriron os condicionantes anteriormente referidos.

2º) Deberá ingresar a cantidade de vinte mil seiscentos oito euros e cincuenta e cinco céntimos (20.608,55 €), en concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais. "

Todo elo ante a inexistencia de expediente de caducidade da licenza.-

2º.- Notificar dito acordo a promotora para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que deberá axustarse na súa totalidade a todos e cantos condicionamentos foron impostos na licenza concedida en base a normativa urbanística vixente na actualidade.-

3º.- Asuntos varios.-

SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais obrante no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. F. L., veciño de Fisterra, a TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS cun prazo de validez ata o día 5 de abril de 2019 tal e como se indica na resolución do recoñecemento do grao de discapacidade dictada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.--

Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. L. H., veciño de Fisterra, unha tarxeta de transporte para sufragar gastos de transporte con destino á UAD de Carballo para o seu tratamento polo importe de Cento noventa euros (190,00 €) que será xestionada dende dito Departamento Municipal : todo elo por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

AXUDAS ECONOMICAS

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á COFRADIA DEL DIVINO NAZARENO Y DEL SANTO SEPULCRO, con CIF V 15984818 e domicilio social na Avenida da Coruña, 15 desta Vila, unha axuda económica polo importe de Douscentos euros (200,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da celebración da Festa relixiosa de Corpus Christi o día 29 de Maio de 2016 ; debendo presentarse, unha vez rematadas, Memoria xustificativa de gastos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.